

ACTA DA SEGUNDA REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA A FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS

ASISTENTES:

POLA XUNTA DE GALICIA:

D. Tomás Fernández-Couto Juanas
Director Xeral de Ordenación Forestal
D. Miguel Ángel Cela González
Subdirector Xeral de Prevención e Defensa contra Incendios
Doña María Jesús Lorenzana Somoza
Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Rural
Don Alberte Piñeiro Tubío
Xefe de Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios.

POLA FEGAMP:

D. Alfonso Villares Bermúdez
Vicepresidente primeiro da Fegamp
Doña Lucía González Louro
Técnico da Fegamp

POR SEAGA:

D. Pablo Arbones Maciñeira
Director Xerente de Seaga
D. Antonio Barral Álvarez
Licenciado en Dereito de Seaga

En Santiago de Compostela, as 10:30 horas, do día 25 de outubro de 2018, na Sala de Xuntas da Dirección Xeral de Ordenación Forestal, reúnen-se os citados anteriormente co fin de celebrar a segunda reunión da Comisión de Seguimento do Convenio baixo a seguinte

ORDE DO DÍA

- I.- Informe sobre as solicitudes de adhesión**
- II.- Asignación de orzamento e Baremo de selección**
- III.- Modificacións dos membros permanentes da Comisión**

Aberta a sesión polo Presidente, D. Tomás Fernández-Couto Juanas, abórdanse os distintos puntos da Orde do día.

I.- Informe sobre as solicitudes de adhesión

Traslada o Presidente da Comisión o listado coas 153 solicitudes de adhesión por provincias correspondentes á primeira quenda de adhesións. Chegaron outras solicitudes pero correspóndense coa anualidades de 2019. Os concellos que solicitaron a adhesión foron :

Provincia	Número de Concellos
A Coruña	41
Lugo	34
Ourense	48
Pontevedra	30
Total de Concellos	153

Concellos A Coruña				
Porto do Son	Camariñas	Brión	Baña (A)	Vedra
Ribeira	Lousame	Fene	Abegondo	Carral
Boiro	Ames	Mañón	Cabanas	Coirós
Carnota	Arteixo	Teo	Rois	Frades
Carballo	Cabana de Bergantiños	Fisterra	Santa Comba	Ordes
Muros	Noia	Mugardos	Val do Dubra	Cerdido
Outes	Rianxo	Ortigueira	Irixoa	Somozas (As)
Coruña (A)	Vimianzo	Valdoviño	Oroso	Moeche
				San Sadurniño

Concellos Lugo				
Lugo	Pantón	Monterroso	Xermade	Pobra de Brollón (A)
Friol	Ribeira de Piquín	Sarria	Xove	Portomarín
Navia de Suarna	Incio (O)	Saviñao (O)	Antas de Ulla	Riotorto
Palas de Rei	Ribas de Sil	Taboada	Castro de Rei	Trabada
Quiroga	Bóveda	Corgo (O)	Cervo	Triacastela
Sober	Cospeito	Mondoñedo	Folgozo do Courel	Barreiros
Monforte de Lemos	Guntín	Pedrafita do Cebreiro	Páramo (O)	

Concellos Ourense				
Cualedro	Ourense	Rairiz de Veiga	Coles	Vilamartín de Valdeorras
Muíños	Piñor	Xinzo de Limia	Pereiro de Aguar (O)	Cartelle
Oímbra	Veiga (A)	Calvos de Randín	Cortegada	Gomesende
Monterrei	Verín	Castro Caldelas	Bande	Sarreaus
Chandrexa de Queixa	Vilariño de Conso	Maside	Bolo (O)	Teixeira (a)
Avión	Barco de Valdeorras	Rubia	Peroxa (A)	Vilar de Santos
Boborás	Paderne de Allariz	Esgos	Quintela de Leirado	Cenlle
Entrimo	Parada de Sil	Leiro	Castrelo do Val	Punxín
Laza	Carballada de Avia	Sandiás	Petín	
Vilardeviós	Merca (A)	Castrelo de Miño	Toen	

Concellos Pontevedra				
Soutomaior	Nigrán	Mos	Agolada	Sanxenxo
Ponteareas	Gondomar	Tui	Forcarei	Campo Lameiro
Tomíño	Oia	Valga	Lama (A)	Covelo (O)
Cañiza (A)	Pazos de Borbén	Poio	Barro	Grove (O)
Fornelos de Montes	Ponte-Caldelas	Redondela	Marín	Garda (A)
Cerdedo-Cotobade	Salceda de Caselas	Estrada (A)	Moaña	Mondariz

Tendo en consideración que moitos destes Concellos solicitantes (91) non teñen o PXOM actualizado, o primeiro dos obxectivos da Comisión ten que ser que todos os Concellos adscritos ao convenio teñan aprobado o seu Plan de Prevención de Incendios Forestais cando menos na parte das faixas secundarias.

Sen esta primeira delimitación non se poden comezar neses Concellos as actuacións no territorio.

Posteriormente nunha segunda etapa delimitaranse as faixas secundarias das vivendas illadas, onde os Concellos teñen capacidades de decisión sobre si son necesarias ou non esas faixas.

Mediante o Convenio faranse polo tanto dous tipos de actuacións: unha actuación directa no territorio, que será máis visible e unha actuación de apoio técnico e administrativo aos concellos.

En canto a actuación directa no territorio a idea é que naqueles Concellos que teñan PXOM actualizado queden determinadas as faixas automáticas que rodean os núcleos e tamén as zonas de entidade importante (polígonos, urbanizacións...).

A idea é trasladar en canto sexa posible ao visor público as faixas a medida que sexan aprobadas polos Concellos.

En canto aos concellos que non teñan o PXOM actualizado darase moita importancia ás tarefas de apoio técnico e administrativo para que poidan dispor do Plan de Defensa o antes posible. Prestarase o apoio que sexa necesario dende o Convenio. Deste xeito estaríase traballando nos 153 Concellos solicitantes da adhesión ao convenio no que se refire a elaboración de plans municipais de defensa e na elaboración das faixas secundarias máis importantes.

II.- Asignación de orzamento e Baremo de selección

Facilita o Presidente os cinco puntos básicos para a asignación do orzamento:

1.- En todos aqueles Concellos que solicitasen a adhesión ao convenio e teñan PXOM actualizado procederíase a poñer en marcha o plan delimitando:

- a) As coroas de 50 metros correspondentes ao núcleo urbano e rural
 - b) As faixas secundarias que estean fora do núcleo e que sexan de gran superficie (gasolineiras, urbanizacións, polígonos industriais...)
- O que estivese aprobado polos Concellos poderíase ir subindo ao visor público. Nesta situación teríamos a uns 61 Concellos.

2.- No resto dos Concellos solicitantes que non teñen o PXOM actualizado estudarase a súa situación e daráselles apoio para empezar coa elaboración do Plan e a delimitación das faixas. Isto significaría actuar con tarefas de apoio noutros 91 Concellos dos solicitantes, garantíndolles o apoio administrativo necesario para a elaboración do Plan. Necesitamos planimetrar os traballos e para iso é imprescindible avanzar nos Planes para incluír nas próximas actuacións sobre o territorio a estes Concellos. O Convenio vai a complementar os recursos propios de cada Concello intentando trasladar ao Convenio o custo necesario.

3.- Habería que contactar con aqueles Concellos que, tendo PXOM actualizado, non pedisen a adhesión para tentar que o soliciten antes do 31 de decembro. Tendo en conta que teñen PXOM novo 113 Concellos quedarían por adherirse 52, si ben, algúns destes xa a solicitaron dentro do segundo período de adhesións.

4.- No que a actuacións no territorio se refire habería que diferenciar entre actuacións voluntarias e subsidiarias:

a) Para o primeiro ano crearíase unha bolsa, de 2 Ha por Concello, para execucións subsidiarias dentro de todos os Concellos solicitantes, destinada a favorecer as execucións subsidiarias xa iniciadas e que estivesen paralizadas por falta de medios. En canto ás actuacións subsidiarias, dentro dos 153 Concellos que solicitaron a adhesión, a idea e incluír no Convenio todas as actuacións subsidiarias que teñen paralizadas por falta de recursos ou dispoñibilidade.

b) En canto ás actuacións derivadas de adhesións voluntarias tentaríase facer unhas 500 Ha por provincia respectando o principio de equilibrio e seguindo os criterios seguintes:

Concellos con PXOM moderno, para poder identificar con detalle as parcelas e superficie afectadas por faixas e as aprobadas.

Dentro destes priorizar:

- o Parroquias de alta actividade incendiaria ou parroquias nas que se activase a situación operativa 2 del PEIFOGA.
- o Só para Lugo: Parroquias con maior número de incendios. Aplícase este criterio adicional en Lugo por ser a provincia con menor actividade incendiaria.

O máis adecuado sería contemplar que o 100% da superficie das faixas se xestione a través de adhesións voluntarias dentro das parroquias seleccionadas.

Estimase que a primeira actuación sexa de 2.000 Ha repartindo unhas 500 Ha por Provincia para manter o criterio de equidade

5.- En cada anualidade iranse acumulando os Concellos solicitantes, para que cada nova aprobación teña en conta a priorización conxunta.

Comenta o Presidente ademáis outras cuestións para a consideración pola Comisión:

1º Unha vez que a Comisión teña a priorización exacta por Concellos e Parroquias será necesario reunirse cos alcaldes co obxectivo de que a priorización sexa aprobada polos respectivos Concellos.

2º Dende o Convenio haberá que intensificar a presión sobre as faixas primarias nas zonas de actuación.

3º Terase que levar unha contabilidade separada de cada parcela. No caso das actuacións subsidiarias si o custo das actuacións supera o valor catastral a parcela poderá ser expropiada.

4º Debemos considerar que a nova situación pode ser unha oportunidades para iniciar medidas de mobilización do territorio, mediante explotacións das coroas de 50 metros para aproveitamentos diversos.

5º Tamén temos que trasladar aos Concellos o efecto demostrativo que poden ter as actuacións e que poden animar a outros propietarios a ver a utilidade de xestionar debidamente as faixas secundarias.

6º Na próxima reunión da comisión abordarase a aprobación da priorización para poder remitir canto antes as resolucións da Consellería aos Concellos.

III.- Modificacións dos membros permanentes da Comisión

Comunica a Consellería que por motivos de reestructuración é necesario levar a cabo os seguintes cambios na composición da Comisión.

Deste xeito os membros permanentes e os suplentes da Comisión, designados pola Xunta de Galicia serían os seguintes:

Titulares:

- D. Tomás Fernández-Couto Juanas, Director Xeral de Ordenación Forestal.

- Dona Silvia Cortiñas Fernández, Vicesecretaria Xeral

- Poderá actuar D. Ángel Miguel Cela González como suplente de D. Tomás Fernández-Couto Juanas e dona Lourdes Vilachán Angueira como suplente de Doña Silvia Cortiñas Fernández

E sen máis asuntos que tratar, o Presidente da por finalizada a reunión da Comisión, sendo as 12.30 horas da data sinalada no encabezamento.


Santiago, 8 de abril de 2019

A secretaria



Lucía González Louro

O presidente



Tomás Fernández-Couto Juanas